

OFERTA DE EMPREGO

O Ceesg realiza a selección dunha **educadora-educador social** para a xestión de actividades formativas. Queremos incorporar ao equipo unha persoa implicada, con motivación, actitude de mellora continua, e con vocación polo desempeño deste traballo.

Cometidos principais do posto:

- Organización, coordinación e supervisión das actividades formativas do Ceesg (contacto con docentes, solicitude de espazos, difusión, xestión de inscricións, emisión de certificados, avaliación, xestión documental, resolución de dúbidas...)
- Prospección de actividades formativas de interese para colexiadas/os, para impartir dende o seo do Ceesg.
- Deseño de cartaces e publicidade das actividades que se organicen.
- Contacto con entidades para establecemento de convenios de colaboración en materia de formación.
- Valoración das ofertas formativas recibidas no Ceesg.
- Calquera outra relacionada coa formación, que lle sexa encomendada pola Xunta de Goberno do Ceesg.

Condicións:

- 20 h./semanais, con posibilidade de incremento a 30 h. con ampliación de funcións.
- Posto en Santiago de Compostela, con posibles desprazamentos.
- Horario de tarde e algunha mañá, con flexibilidade horaria.
- Inicio previsto en abril.
- Contratación indefinida.
- Convenio de Oficinas e Despachos da provincia da Coruña.

Requisitos:

- Colexición no Ceesg.
- Formación e experiencia demostrable na organización de formación.
- Carné de conducir, coche propio e dispoñibilidade para desprazamentos.

Valorarase:

- Competencias tecnolóxicas e informáticas.
- Manexo da plataforma Moodle.
- Coñecementos de html.
- Coñecementos de deseño gráfico e/ou dominio de Publisher, Canvas...
- Experiencia en dinamización de grupos.

Contacto:

O proceso de selección terá unha primeira fase de valoración de curriculum. De entre os CV recibidos seleccionaranse varios que pasarán á fase de entrevista.

- Enviar CV a ceesg@ceesg.gal ata o día 11 de marzo ás 11:00 h.